

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A., PARA A REALIZACIÓN DUNHA SERIE DE PROGRAMAS SOBRE AS COMUNIDADES ENERXÉTICAS NO MARCO DO PROYECTO DE COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA DENOMINADO 0052_COMENERG_1_E, NO ANO 2024

En Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. Pablo Fernández Vila, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, en diante INEGA, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15703- Santiago de Compostela, C.I.F. Q-1500256A, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 95/2022, do 9 de xuño, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo.

Doutra banda, D. Alfonso Sánchez Izquierdo, con DNI 34583401A, director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG) con enderezo social no Centro Emisor de San Marcos, sen número, Santiago de Compostela, C.I.F. A-15073349, actuando no seu nome e representación, nomeado para o devandito cargo por Acordo de 4 de xaneiro de 2016 do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., en virtude das competencias e funcións atribuídas polo artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e polo artigo 22 dos estatutos sociais.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que, para negociar e adoptar acordos en nome das entidades que representan teñen conferidas e



EXPOÑEN

Primeiro. Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Segundo. Que na actualidade, é necesario continuar avanzando nas políticas enerxéticas dentro do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima europeo, nacional e autonómico, destacando en canto a este último a "Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050" e a "Axenda Enerxética de Galicia 2030", a través da posta en marcha de novas propostas que redunden na consecución dos obxectivos enerxéticos e medioambientais establecidos como camiño cara a unha transición enerxética efectiva e co máximo aproveitamento dos principais recursos enerxéticos renovables de orixe local, como é o caso das comunidades enerxéticas.

Terceiro. Que o Inega é socio beneficiario do proxecto COMENERG: Comunidade enerxética transfronteiriza para a transición cara á autonomía e sustentabilidade enerxética das localidades da Raia, cun orzamento global de 2.002.015,81 €, está financiado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dentro do programa INTERREG VI-A España Portugal (POCTEP) 2021- 2027.



O proxecto foi aprobado polo Comité de Xestión mediante decisión do 28/09/2023 e, o 10 de outubro de 2023, asinouse o Acordo entre a Autoridade de Xestión do POCTEP e o Beneficiario Principal do proxecto, a Deputación Provincial de Ourense

O proxecto está incluído no OBXECTIVO POLÍTICO 2 "Unha Europa máis verde e baixa en carbono", PRIORIDADE DE INVERSIÓN 3 "Avanzar na transición ecolóxica e a adaptación ao cambio climático do espazo transfronteirizo a través da cooperación como ferramenta para o fomento da economía verde e a economía azul" e OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.2 "Potenciar as enerxías renovables de conformidade coa Directiva (UE) 2018/2001 sobre enerxías renovables, incluídos os criterios de sustentabilidade que se establecen nela".

Cuarto. Que o proxecto COMENERG aborda o reto de incrementar o peso das enerxías renovables sobre o consumo bruto final de enerxía no espazo transfronteirizo de Galicia-Norte de Portugal a través do impulso de iniciativas piloto de descentralización da produción de enerxía a pequena escala, orientadas ao autoconsumo en zonas rurais, que se enfrontan ao reto demográfico e ao envellecemento poboacional.

Quinto. Que a divulgación das razóns científicas e técnicas que inspiran a normativa existente para posibilitar a implementación das experiencias piloto de comunidades enerxéticas, o estudo e divulgación dos resultados das mesmas, favorecendo a creación de novas comunidades enerxéticas a ambos os dous lados da fronteira..

Sexto. Que, asemade, as ideas fundamentais das comunidades enerxéticas como o aforro, autonomía e sustentabilidade é necesario difundir para que cheguen ao coñecemento da sociedade en xeral e impulsen a posta en marcha de novas experiencias de comunidades enerxéticas nas que a produción para o autoconsumo se faga a partir de novas fontes tamén de carácter local.

Sétimo. Que dentro das actividades contempladas no Plan de Traballo do Proxecto COMENERG, establécense unha serie de actuacións de publicación e difusión propias dun proxecto transfronteirizo para cumprir coa actividade de visibilidade, transparencia e comunicación do proxecto.

Oitavo. Que o Inega considera á Corporación RTVG, único canal de televisión autonómico que presta servizo público en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo



cobertura no territorio galego e entendendo a súa sinal a certas áreas do espazo transfronteirizo de Galicia-Norte de Portugal, un medio idóneo e único para dar a coñecer os beneficios relacionados coas comunidades enerxéticas con este alcance, e que por este medio considérase de grande importancia revitalizar e impulsar a súa programación en todo o que respecta a esta materia. Ademais, a súa natureza pública implica que a Corporación RTVG actúa como un vehículo de interese xeral, sen fines lucrativos, alineándose directamente cos obxectivos estratéxicos do proxecto COMENERG.

Noveno. Que a Corporación RTVG, ten o interese e deber, como servizo público que é, de dar a coñecer e promover entre a súa audiencia a divulgación de programas mediante os que se acade unha formación integral dos galegos na importancia que ten o proxecto COMENERG para unir aos concellos transfronterizos na transición cara a un futuro sustentable a través do impulso das comunidades enerxéticas para beneficiar aos seus cidadáns e ao medio ambiente.

Décimo. Que dentro deste mutuo interese, pola Corporación RTVG e o Inega, e ao obxecto de procurar de modo conxunto o desenvolvemento das accións necesarias neste interese común, formalízase este convenio de colaboración co obxecto da realización dunha serie de programas televisivos emitidos baixo o nome ou lema de "*AFORRO, AUTONOMÍA E SUSTENTABILIDADE*". O Inega achegará os datos necesarios para a elaboración dos guións de información por parte da Corporación RTVG.

A acción a realizar non garda relación co funcionamento do mercado interior no sentido ao que se refire a comunicación interpretativa da Comisión (2006/C179/02), xa que polo exposto queda perfectamente xustificado que o obxecto do convenio non encerra, potencialmente, interese para os operadores económicos doutros estados membros, pola súa escasa incidencia económica.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de conformidade coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración técnica e financeira para a realización dunha serie de programas sobre as Comunidades Enerxéticas baixo o lema "*AFORRO, AUTONOMÍA E SUSTENTABILIDADE*":

- Aforro: Reduce os teus custos enerxéticos e aforra a longo prazo.
- Autonomía: Toma o control da túa enerxía e se independente de grandes provedores.
- Sustentabilidade: Constrúe un futuro sostible para a túa comunidade e o planeta.

Para estes programas, considerarase que os consumidores terán un papel activo na transición enerxética, impulsando novos modelos de negocio nos que os usuarios participarán na xeración e almacenamento de enerxía, desenvolvendo mecanismos para paliar as desigualdades da poboación e no que o impulso ás Comunidades Enerxéticas é un pilar fundamental.

A liña editorial e a consecuente responsabilidade sobre os contidos emitidos corresponderá á Corporación RTVG., coa consideración de que as opinións emitidas son da exclusiva responsabilidade do autor que as emite.

SEGUNDA. OBXECTIVOS DOS PROGRAMAS QUE SON OBXECTO DO CONVENIO

A Corporación RTVG comezará, trala entrega polo Inega da documentación precisa para a elaboración dos guións establecidos na cláusula terceira (3ª) do presente convenio, a realización dunha serie de programas documentais orientados á consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Información e difusión dos distintos planes que conforman o proxecto COMENERG.
- b) Difusión da información que contribúa ao fomento e posta en marcha das comunidades enerxéticas.



- c) Promoción dunha transición enerxética en Galicia, que contribúa a paliar os efectos adversos da descarbonización

En xeral, transmitir calquera tipo de información e coñecementos considerados de importancia en relación coas comunidades enerxéticas.

A corporación RTVG comprométese:

- 1.- Á elaboración dos programas nos que se emitirán os contidos de interese xeral para as comunidades enerxéticas.
- 2.- Á emisión de reportaxes, directos ou emisións en plató, no período comprendido dende o 16.12.2024 ata o 30.12.2024, cunha duración total de 45 minutos (45') en dito período e, nunha franxa horaria que garanta un alto nivel de audiencia e repercusión, atendendo aos criterios profesionais que xustifiquen o maior impacto de audiencia en relación ao target perseguido.
- 3.- Á cesión ou ao aproveitamento do material gráfico elaborado para uso do Inega en promoción, divulgación, cursos, conferencias, material didáctico ou difusión por calquera medio que considere oportuno, enviándolle copias dos espazos emitidos nun soporte de calidade axeitado, e posibilitando a solicitude puntual de imaxes ou material en bruto.

As devanditas producións, nos seus títulos de crédito, farán constar "Imaxes cedidas por Corporación RTVG".

Con carácter previo á reprodución que se autoriza nesta cláusula, o Inega solicitaralle á Corporación RTVG as imaxes que precise, o seu destino, o número de copias que proxecta realizar e o procedemento de distribución previsto.

O Inega poderá solicitar copias dos programas emitidos en formato DVD.

- 4.- Finalmente, a Corporación RTVG asume a obriga de facer constar a colaboración da Xunta de Galicia - INEGA na dita produción, así como a participación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) - programa INTERREG VI-A España Portugal (POCTEP) 2021- 2027; dun xeito claro e visible.



O Inega comprométese:

1.- Á achega, como máximo, das cantidades que figuran na cláusula cuarta do presente convenio, para levar a cabo o obxecto do mesmo.

2.-A orientar e facilitar toda canta información sexa necesaria para a boa realización dos programas obxecto do convenio.

TERCEIRA. GUIÓNS E PRODUCCIÓN DA SERIE DE PROGRAMAS

O Inega facilitaralle á Corporación RTVG a documentación e mailo asesoramento necesario para a elaboración dos guións que compoñen os distintos espazos obxecto de emisión. Asemade, o Inega outorgará autorización para traducir ou subtitular os guións resultantes a calquera lingua. Estes dereitos serán cedidos para todo o mundo e polo tempo máximo previsto na lexislación reguladora da cesión de dereitos para a protección e utilización dos mesmos.

Os medios técnicos e humanos necesarios para a gravación e produción desta serie de espazos, serán por conta da Corporación RTVG.

CUARTA. CONDICIÓN ECONÓMICAS

Para a colaboración nos gastos de produción dos distintos programas e nos orixinados pola infraestrutura creada para a consecución da devandita información diaria, e como compensación dos gastos nos que incorre a Corporación RTVG para a realización do obxecto do convenio, o Inega aportará á mesma ata un máximo de corenta e sete mil euros (47.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.733A.640.01, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas polo Inega neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

O importe deste contravalor pola prestación que se realiza está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado.



Para a realización das accións obxecto deste convenio, a Corporación RTVG contribuirá cun máximo de corenta e sete mil euros (47.000,00 €), aportación na que se poderán consignar custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento, etc.) que a entidade empregue no desenvolvemento das accións contempladas na cláusula primeira e responsabilizarse de organizalas na súa totalidade, en estreita colaboración co Inega.

A Corporación RTVG empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

De conformidade ao establecido no artigo 54. b) do Regulamento 2021/1060 pola que se establecen as disposicións comúns ao FEDER, FS+ FC, FTJ e FEMPA, serán elixibles os custes indirectos nos que incorra a entidade na súa execución ata un máximo do 15 % dos custes directos de persoal que se xustifiquen con cargo ao convenio.

No caso de que a execución das actividades contempladas na cláusula primeira e realizadas no marco deste convenio de colaboración non supoñan o gasto da cantidade máxima prevista nos parágrafos anteriores, cada una das partes asinantes deberán asumir o 50% dos gastos nos que efectivamente se incorran, coa excepción de que a comisión de seguimento creada na cláusula sétima emita outro ditame.

As actuacións recollidas no presente convenio son financiáveis, nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

QUINTA. OBRIGAS

A aportación do Inega será abonada previa xustificación suficiente da realización das accións obxecto do convenio, mediante a presentación, antes do 31 de decembro de 2024, da seguinte documentación:

- Factura desagregada expedida pola Corporación RTVG, onde figure un detalle dos gastos realizados con importes dirixida ao Inega:



COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA – PUNTO GENERAL DE ENTRADA DE FACTURAS ELECTRÓNICAS – UNIDADES TRAMITADORAS								
CIF	RECEPTOR	CONSELLERÍA/ENTIDAD	ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	UNIDAD DE CONTRATACIÓN	CÓDIGO INTERNO SEF	CÓDIGOS DIR3		
						OFICINA CONTABLE	ÓRGANO GESTOR	UNIDAD TRAMITADORA
Q1500256A	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	XERENCIA	0629	A12004763	A12004763	GE0010854

- Certificacións do responsable de emisións da TVG das datas e horas de emisión de cadanseu programa.
- Dúas (2) copias dos programas en formato DVD ou ligazón na web onde estean aloxados os programas.
- Certificacións expedidas por cadansúa administración, que acrediten que a Corporación RTVG está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes coa Xunta de Galicia.
- Memoria descriptiva da realización do obxecto do convenio, así como unha conta de resultados en relación á finalidade do convenio, que abranza todos os gastos e ingresos nos que se incorreu na organización das accións obxecto do convenio.

Ademais, deberá aportar xustificantes dos gastos realizados, que consistirán, de forma xeral, nas facturas desagregadas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizo) e nóminas, detallados ao máximo posible. Así mesmo deberá presentar xustificantes de pago referidos ás facturas e demais xustificantes de gastos aportados. Os xustificantes bancarios deberán soportar o número de factura ou facturas pagadas no caso de transferencias, así como o beneficiario, importe, emisor e data, entre outros, de tal xeito que se poida seguir a rastrexabilidade da operación xustificada.

SEXTA. RÉXIME DE PERSOAL

A sinatura deste convenio non leva consigo relación laboral ou de calquera outro tipo entre os profesionais encargados de executar as actividades que constitúen o seu obxecto e o Inega, de tal xeito que non se poderá esixir a esta ningún tipo de responsabilidade polos actos ou consecuencias acaecidas no seu desenvolvemento, nin polos



incumprimentos nos que puidera incorrer a Corporación RTVG nas súas relacións cos traballadores aos que lles encomende a realización do traballo.

SÉTIMA. SEGUIMIENTO

Para os efectos de velar pola boa marcha e cumprimento do estipulado no presente convenio créase a comisión de seguimento do mesmo, que estará composta polo director do Inega que actuará como presidente da mesma e mailo director do Departamento de Enerxía, en representación do Inega, e polo director dos Servizos Informativos e mailo director técnico da serie de programas, en representación da Corporación RTVG. Esta comisión reunirase cando así o solicite unha das partes e será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

OITAVA. VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase desde a data de sinatura do mesmo ata o 31 de decembro de 2024.

O incumprimento dalgunha das cláusulas do convenio será causa suficiente para a súa denuncia. Neste caso, feita a mesma por calquera das partes, quedará en suspenso a actividade obxecto do convenio e, polo tanto, das respectivas obrigas, sen que isto orixine unha ampliación do prazo convindo.

NOVENA. RESOLUCIÓN

Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

DÉCIMA. CARACTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.



UNDÉCIMA. LITIXIOS.

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solucionadas pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula sétima anterior. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.

DUODÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e máis no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data ao comezo indicados.

Polo Inega

Pola Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

Pablo Fernández Vila

Alfonso Sánchez Izquierdo

Por Resolución do 10/03/2017 de delegación de competencias da Presidencia da Axencia (DOG 27/03/2017)

Por Acordo de 4 de xaneiro de 2016 do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

